



Fran Herbello. Sen título. 2005

ILLA CINIA

errático foi o sendeiro que
nos transportou á casa mata,
azul, tan azul, un azul que dilataba
o fulgor do mar e mais a nube mansa
que tímida desbordaba eses teus
ollos

errático foi o sendeiro e acaída
a túa man, a descoserme a boca,
e logo eu a bicar a túa e logo as dúas
xuntas, pronunciando: todas as flores,
todas as froitas, todas as aves
a ofrecernos só ronseis
coma se este lugar fose illa e á vez
útero

durante aquel diminutísimo intre
en Punta Umbría
intercambiámolo todo
agás os nomes

fomos, coma gacelas ou lebres,
libres

corazóns en ascensión

Tamara Andrés